



A APPB colaborou nas sesións prácticas do Máster en Sanidade, Benestar Animal e Sostibilidade da Producción Bovina

Varios profesionais membros da APPB participaron como docentes nas xornadas prácticas ofrecidas ao alumnado do Máster en Sanidade, Benestar e Sostibilidade da Producción Bovina no seu segundo cuatrimestre, que se levou a cabo entre o 1 e o 3 de xullo, como parte dunha colaboración da Universidade de Lleida (UdL) e do Laboratorio Hipra.

Marc Pineda DVM

Formación especializada no campo para veterinarios expertos en produción bovina



Esta actividade desenvolveuse en dúas destacadas ganderías leiteiras galegas: Agropecuaria Cas de Pedro, situada en Carballo (Lugo), e a gandería Liste, no municipio coruñés de Trazo.

Unha das características máis salientables desta formación, que durante a maior parte do tempo é teórica, é que ao final de cada cuatrimestre se realizan unhas xornadas prácticas co obxectivo de afianzar os coñecementos adquiridos na parte teórica. Nelas contou coa colaboración de varios membros da APPB, que puxeron ao servizo do equipo de estudantes os seus coñecementos.

O obxectivo final destas xornadas é favorecer a participación e o intercambio de coñecementos entre alumnado, profesorado e profesionais do sector, centrando os seus contidos en áreas clave para mellorar o manexo e a eficiencia produtiva, que se foron traballando nas clases ao longo do segundo cuatrimestre académico.

DIAGNÓSTICO TÉCNICO E ECONÓMICO DAS GRANXAS

O primeiro día, as xornadas tiveron lugar en Cas de Pedro e comezaron cunha visita á explotación da man de José Luis e Pablo Arias, os cales amosaron as súas instalacións

e deron a coñecer o seu modelo de produción e xestión. Esta sesión centrouse en afondar na análise integral de datos técnicos e económicos.

Manuel Ángel Fernández (Consuvel) mostroulle ao alumnado como interpretar indicadores produtivos clave, esenciais para a toma de decisións baseada en criterios de eficiencia. Ademais, explicoulles como avaliar in situ a ración de alimentación das vacas mediante o sistema Penn State, así como as feces, co obxectivo de valorar a dixestibilidade e o aproveitamento do alimento.



Manuel Fernández explicou como avaliar in situ a ración de alimentación das vacas mediante o Penn State

A segunda parte da sesión práctica estivo dirixida polo coordinador académico do Máster, **Ramón Armengol** (profesor da UdL). Este apartado centrouse no posparto inmediato da vaca, en concreto no control dos problemas que xorden neste momento produtivo. Ramón ensinoulle ao alumnado como realizar un control correcto do posparto e presentou os tratamentos e medidas preventivas para as doenzas que aparecen nesta etapa.

► O OBXECTIVO FINAL DESTAS XORNADAS É FAVORECER A PARTICIPACIÓN E O INTERCAMBIO DE COÑECEMENTOS ENTRE ALUMNADO, PROFESORADO E PROFESIONAIS DO SECTOR



Ramón Armengol centrouse no posparto inmediato da vaca



Zalduendo mostrou como realizar unha auditoría completa de saúde podal



Marc Pineda ensinou o modelo de recorte funcional recomendado pola APPB: o Iberian Method



SAÚDE PODAL: PRÁCTICA APLICADA NA GRANXA

O segundo día estivo dedicado á saúde dos pezuños, un piar fundamental para garantir a lonxevidade e o rendemento no vacún de leite. Nesta xornada, o alumnado dividiuse en tres grupos máis pequenos, que participaron en tres estacións de traballo diferentes. En cada estación púxose o foco en distintos aspectos da saúde podal:

- Avaliación visual do estado podal do rabaño, revisión das instalacións e análise de datos de saúde podal.
- Importancia do recorte funcional, demostración e práctica de recorte en extremidades de matadoiro e recoñecemento de erros comúns no recorte.
- Avaliación de casos reais de recorte terapéutico e tratamento de lesións en vacas da explotación.

A primeira estación foi dirixida por **Daniel Zalduendo** (Anka), quen lles mostrou aos alumnos e alumnas como realizar unha auditoría completa sobre a saúde podal do rabaño. A auditoría comezou cunha avaliación das instalacións e dos protocolos de prevención de lesións podais, así como da colocación e manexo dos pediluvios. Posteriormente, o equipo analizou os datos das lesións dos pezuños co obxectivo de identificar puntos críticos e mellorar a saúde podal.

Na segunda estación **Marc Pineda** (PicoVets) ensinou o modelo de recorte



José M.ª García orientou o grupo sobre como realizar correctamente o recorte terapéutico en vacas con lesións podais

funcional recomendado pola APPB, o Iberian Method, e describiu os pasos a seguir, así como as medidas que deben ter os pezuños despois do recorte funcional. Seguidamente, o alumnado puido practicar esta técnica en patas de vacas do matadoiro e a correcta colocación de tacos ortopédicos. Para rematar, comentáronse os erros máis frecuentes na práctica diaria do recorte de pezuños.

A terceira estación estivo a cargo de **José María García** (Seragro), quen orientou o grupo sobre como realizar correctamente o recorte terapéutico en vacas con lesións podais e centrouse no tratamento das diferentes lesións detectadas nas vacas da gandería. Ademais, o alumnado puido observar o xeito correcto de meter as vacas no polidro, seguindo os estándares de benestar animal e manexo sen estrés.



O alumnado amósalle a Carlos Liste o informe elaborado durante a sesión práctica con Allepuz

BIOSEGURIDADE: PUNTOS CRÍTICOS E MELLORAS

Na última sesión práctica, o foco púxose na bioseguridade da granxa. **Alberto Allepuz** (Universidade Autònoma de Barcelona) impartiu unha sesión destinada a identificar os riscos sanitarios e de bioseguridade que existen nas ganderías, e enumerou as estratexias que se deben adoptar para minimizar a entrada e propagación de enfermidades. Ademais de identificar os puntos clave de bioseguridade da Gandería Liste, elaborou co alumnado un informe detallado no que se recolleron diferentes puntos críticos e se propuxeron melloras para reforzar a bioseguridade do rabaño.

Para finalizar as xornadas, Carlos Liste compartiu co grupo as rutinas operativas da súa explotación e o funcionamento da gandería. ■